

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 70

ano 11

maio-xuño 2017

AS PORTAS DA CIDADE DE OURENSE

Toda **cidade medieval** dispónse diante de nós exhibindo con esplendor o seu recinto fortificado, a cotío enmarcado por unha **muralla** que servía para solventar problemas defensivos pero tamén cuestións tanto de carácter xurídico como económico. A muralla tratouse, polo tanto, dun elemento común para gran parte das cidades medievais como así o evidencian os restos arqueolóxicos conservados.

Mais Ourense era unha cidade sen protección que soamente contaba coa **fortificación da catedral** e con dispersas **torres** menores que servían para o apoio dalgún punto estratéxico. Ourense non contou durante a Idade Media e Moderna con murallas propiamente ditas pero esta ansiada función defensiva solucionábase co peche natural, pero feble, que orixinaban as limítrofes casas da veciñanza. Por outra banda, tamén se dispuxeron **cercas descontinuas** e moi pouco consistentes que se viñan abaixo debido á acción das chuvias e coa forza do vento. Esta solución non representaba verdadeiramente a fortaleza nin tampouco a monumentalidade dunha muralla. A función defensiva dispensada por este recinto era case nula polo que de xeito constante estes elementos protectores debían ser restaurados e a vixilancia dos gardas dende estes puntos convertíase nunha intervención incesante.

Ourense revelaba unha enorme **vulnerabilidade** ante calquera contratempo foráneo e convertíase nun contorno propenso a sufrir ataques, unha fragilidade que perseverou ao longo do tempo, incrementándose co auxe da bandeiría provocado polas guerras irmandiñas de mediados do século XV, polos cruentos enfrontamentos nobiliarios e sobre todo pola tenaz presenza das epidemias.

A cidade de Ourense, xa moldeada na súa extensión no século XII, describíase nun perímetro pechado ao cal soamente se podía acceder a través das monumentais **portas** que se asentaban a intervalos regulares ao longo do recinto. Esta quedaba delimitada no interior dun contorno alongado e disposto conforme o relevo da ladeira de Montealegre. No interior destas lindes atoparíamos unha serie de estreitas rúas que se entrecruzaban con pequenas prazas e que irían ampliando a súa extensión no transcurso dos séculos.

O **Antigo Réxime** traería consigo unha forte reno-

vación para o conxunto da cidade, rexistrándose importantes cambios no espazo edificado, pero a partires da Guerra da Independencia comezarían tamén unha serie de **transformacións** tanto no pensamento como nas estruturas políticas e económicas. A partir de **mediados do século XIX** iníciase a expansión e a modernización da cidade, que coincidiría coa decisión de derrubar as súas portas. Por outra banda, tanto o comercio como a banca tamén se beneficiarían dunha importante prosperidade económica, un florecer novamente manifesto nos anos sesenta do século XX.



1616, abril, 13. Ourense
Alzado da Porta da Aira realizado polo mestre de obras Antonio Martínez de Araque.
Augada e tinta sobre papel; 419 x 283 mm.
AHPOu, protocolo notarial de Gregorio Pérez de Aguiar, carp. III/1.

As portas da cidade

Alcanzar o interior da cidade medieval de Ourense só era posible a través das **trece portas** de acceso que se abrían no recinto que a rodeaba e que se convertían nos principais puntos de entrada. A mención máis antiga descuberta sobre as portas relaciónase cun **privilexio de Fernando IV** concedido á cidade e datado no ano 1310. Neste escrito ordenábaselle ao Concello que “tena ensina de seu e que tenga las llaves de la puerta de la villa”. A primeira das portas das que se ten constancia é a **porta da Corredoira**, que aparece no ano 1314 e se situaba na rúa de Santo Domingo. En décadas posteriores atópanse referencias ás **portas da Fonte Arca-da** na praza de San Cosme, e á **porta do Concello**, situada ao final da rúa Dr. Marañón e comunicando coa Praza Maior, entre outras. Pero a que a nós atinxe, a porta da Aira, aparecería finalmente e por vez primeira no ano 1388.

Estas construcións empregáronse para delimitar o espazo urbano e debían ser pechadas con chave, restrinxindo a súa entrada en tempos de perigo, de epidemias ou peste, cumprindo deste xeito unha **función defensiva**. Con elas sobreviñan constantes problemas debido ás dificultades climatolóxicas e as **guerras**, como as libradas nas fronteiras de Galicia co reino veciño de Portugal (1640-1668). Debido a este panorama, as portas necesitaban ser reparadas de xeito constante e mantelas en bo estado convertíase nunha empresa de vital importancia.

A **peste** era unha das enfermidades máis temidas e a súa prevención volveuse moito máis intensa durante o medioevo tanto nas portas como naqueles camiños de acceso á cidade. Nestas situacións as portas mandábanse tapiar, e as principais, que permanecían abertas, eran constantemente vixiadas polos veciños por quen-das. En tempos de peste prohibíase o comercio, e as persoas, bastimentos e mercadorías que entrasen á cidade debían ser rexistrados.


A Porta da Aira, último vestixio manifesto

Tratábase da porta principal destinada para a entrada á cidade dende **Castela** e constituía unha das trece portas que se abrían no recinto. Xa en setembro de 1565 temos constancia dunha petición que demandaba a súa reparación coas sobras das rendas reais. A finais do século XVI sábese que a Porta da Aira contaba con dous torreóns aos seus lados, caracterizándose pola súa vez por ser moi estreita.

En 1607, coa vontade de reedificala, encárgaselle a traza dunha nova porta ao mestre de obras **Antonio Martínez de Araque**, unha figura que xa con anterioridade traballara no deambulatorio da catedral ourensá e que agora deixaría na cidade unha porta de enormes dimensións construída con pedra labrada. A obra rematouse cun pagamento de **3200 reais**, un diñeiro procedente dos veciños do contorno inmediato debido ás dificultades económicas polas que estaba

pasando o Concello. O 2 de outubro de **1617**, a Porta da Aira xa se atopaba rematada.

O contrato asinado entre o Concello e Antonio Martínez de Araque consérvase no protocolo notarial do ano 1617 do escribán ourensán Gregorio Pérez de Aguiar. De aí tamén procede o **plano alzado da porta da Aira** que protagoniza este número de *Fron-da*, o único testemuño gráfico que se conserva dunha porta de Ourense.



Solicitud de Juan Andrés Tercero dirixida ao Concello de Ourense en 1841 na que pide licenza para a derruba do arco da Porta da Aira. AHPOu, Concello de Ourense, C 169

A desaparición das portas

Durante os séculos XVII e XVIII o perigo provocado pola peste comezaría a aminorar ao mesmo tempo que emerxía unha nova percepción de salubridade, hixiene pública e **urbanismo** que evidenciaría a inutilidade do conxunto destas portas. O proceso de **derruba** comezou nun momento temperá, na década de 1820, sendo a **porta da Corredoira** a primeira en desaparecer por desexo do goberno municipal. A derruba da **Porta da Aira**, a derradeira das que posuía a cidade de Ourense, tivo lugar anos máis tarde, no **1841**. A iniciativa levou-na a cabo un veciño ourensá, Juan Andrés Tercero, mediante unha solicitude de obras do 20 de abril dese mesmo ano. No devandito informe pedíalle ao concello “que se demuela el arco de la Puerta de Ayra y se le conceda licencia para reedificar la frontera de su casa que tiene aquel sitio”.

Carentes de funcionalidade, as portas foron desaparecendo debido a teorías de tipo hixienista e para mello-rar o desexado ornato público da cidade. Atribuíuse a súa demolición aos estorbos que estas causaban e como pretexto para a construción de obras públicas municipais. A día de hoxe soamente é posible apreciar os restos dunha pilastra almofadada da Porta da Aira embebida na parede lateral da casa número 44 da rúa Xulio Prieto Nespereira, cunha disposición tendente a aproveitar a construción da porta para as vivendas particulares.